

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E FORMALAR ENSINANZAS MEDIAS LAR, S.L. PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EN OFICINAS DE TURISMO DEPENDENTES DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade FORMALAR –E.E.M.M LAR S.L. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o presente acordo ten por obxecto establecer as condicións básicas para que os/as alumnos/as da acción formativa Módulo de Prácticas – MP0020, incluído dentro do Certificado de Profesionalidade Promoción turística local e información ao visitante-HOTI0108 que imparte FORMALAR-EE.MM. LAR S.L. desde o 07/11/2017, cunha duración de 708 horas e subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, realicen prácticas incluídas no programa formativo da acción na OFICINA DE INFORMACION TURÍSTICA DE VIGO quedando autorizadas as mesmas, por parte da Axencia de Turismo de Galicia.

A realización destas prácticas externas ven regulada na seguinte normativa:

- Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, publicado no BOE nº 27 do 31 de xaneiro de 2008.
- Real Decreto 1376/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen dez certificados de profesionalidade da familia profesional Hostalería e Turismo que se inclúen no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade”, publicado no BOE nº 216 do 6 de setembro de 2008.
- Real Decreto 1675/2010, do 10 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.
- Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os



reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados en súa aplicación, publicado no BOE nº 249 do 17 de outubro de 2013.

- Orde do 29 de decembro de 2015 do DOGA do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a programación de accións de formación profesional para o emprego do Plan Nacional de acción para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 7 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se regula e pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde aos exercicios 2017 e 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o acordo que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que a Axencia Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo. Para lograr esta finalidade Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a entidade FORMALAR-EE.MM. LAR S.L. é beneficiaria dunha subvención para a realización dun proxecto no marco da Orde do 7 de marzo de 2017 (DOG núm. 59, do 24 de marzo) pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente aos exercicios 2017 e 2018 e que dito proxecto contempla a realización de prácticas non laborais en empresas.



Terceiro.- Que é vontade da Axencia Turismo de Galicia e FORMALAR-EE.MM. LAR S.L. facilitar a integración laboral dos alumnos, e para iso conveñen facilitar a realización de prácticas na devandita empresa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

